

MENTRES HAXA PERSOAS **HAI ESPERANZA**



ÍNDICE

Benvida da Directora	2
60 anos de Cáritas Diocesana de Lugo	4
Que é Cáritas Diocesana de Lugo?	6
Cáritas na Diocese	10
Agradecemento	12
Nova Sede e Casa da Misericordia	14
As persoas	18
Programas Diocesanos	20
Fondo “Sempre Xuntos”	87
Damoslle unha Segunda Vida á túa Roupas	88
Comunicación	90
Financiación e Transparencia	91
Institucións Colaboradoras	95
Certificación Applus+ e Plan de Igualdade	96



PRESENTACIÓN DA DIRECTORA

Un ano de entrega, compromiso e esperanza

A Memoria Anual de Cáritas Diocesana de Lugo recolle moito máis ca cifras ou actividades. É o reflexo dun ano cheo de retos, pero tamén de respostas humanas, próximas e comprometidas. É a historia dunha comunidade que, no medio das dificultades, soubo unirse para coidar, acompañar e defender a dignidade de quen máis o precisa.

O 2024 non foi un ano doado. A crise económica e os conflitos internacionais intensificaron o sufrimento de moitas persoas e familias. Ante esta realidade, en Cáritas mantivémonos firmes na nosa misión: estar preto, escoitar, atender, acompañar e transformar. Fixémolo grazas á entrega xenerosa de tantas persoas: voluntariado, persoal, sacerdotes, entidades eclesiais, socios e socias, doantes e colaboradoras.

Cada xesto de solidariedade sumou. Cada acción marcou unha diferenza. Xuntos tecemos unha rede de esperanza, afrontando desafíos con creatividade, responsabilidade e humanidade. Demos resposta non só a necesidades urxentes, senón tamén a retos de longo percorrido, como a desigualdade dixital, a falta de oportunidades ou a exclusión social.

Esta memoria quere ser, ademais de testemuño, unha chamada. Unha chamada a seguir camiñando xuntos. A non esquecer que cada achega —por pequena que pareza— pode transformar unha vida. A seguir crendo na forza do amor que se organiza, que actúa e que constrúe xustiza.

Grazas por formar parte deste camiño. Grazas por soste a esperanza.

En nome de Cáritas Diocesana de Lugo, reciban o noso afecto e gratitude.

Amparo González Méndez,
Directora de Cáritas Diocesana de Lugo.





No ano 2024 vivimos un fito moi especial: **celebramos o noso 60 aniversario**, marcando seis décadas de compromiso inquebrantable coa xustiza social.

Ao longo de todo este tempo, abrimos camiño á esperanza para as persoas máis vulnerables da nosa sociedade, ofrecendo non só axuda material, senón tamén calor humano e solidariedade.

A conmemoración deste aniversario na emblemática Catedral de Lugo foi moito máis ca unha celebración; foi un recordo poderoso do impacto positivo que unha comunidade unida pode ter na vida de quen máis o precisa.

Ao longo destes 60 anos, innumerables voluntarios, doantes e traballadores entregaron o seu tempo, recursos e corazón á causa de Cáritas. Grazas á súa xenerosidade e compromiso puidemos manter viva a nosa labor.

Este aniversario é un testemuño da resiliencia, a compaixón e a dedicación que definen a Cáritas Diocesana de Lugo. E, sobre todo, é un recordo esperanzador de que, unidos, podemos seguir construíndo unha sociedade máis xusta, solidaria e humana para todos.







**Somos a presenza institucional da
nosa Igrexa Diocesana que quere
comprometerse coas realidades de
pobreza e exclusión social de Lugo.**

O servizo aos nosos irmáns máis vulnerables
céntrase na acollida. Nun acompañamento
persoal desde a situación de cada un e no
esfuerzo pola súa integración social. Pero máis
aló deste traballo, tamén se desenvolven
outras funcións propias da nosa identidade.

Coordinamos e promovemos a acción das Cáritas Parroquiais, Interparroquiais e Arciprestais ou Zonais e das Asociacións e Institucións de acción caritativa e social federadas e promovemos a comunicación cristiá de bens entre elas, procurando así que a Igrexa dea un testemuño comunitario de unidade e caridade.

Difundimos o espírito de caridade evanxélica e xustiza social, procurando formar a conciencia dos cristiáns de maneira individual e comunitaria, conforme ás orientacións da doutrina social da Igrexa.

Organizamos e potenciamos iniciativas tanto privadas como públicas, a fin de atopar unha solución aos problemas das persoas vulnerables e cooperar, na medida en que sexa posible e adecuado, cos organismos provinciais, autonómicos, nacionais e internacionais de asistencia e acción social, así como coas entidades de acción caritativa doutras confesións relixiosas.


Estudamos os problemas que provoca a pobreza na Diocese. Investigamos as súas causas, promover, animar e urxir solucións conformes á dignidade da persoa humana e as esixencias de xustiza social.



A nosa misión

É acoller ás persoas en situación de pobreza e necesidade e traballar xunto a elas para que sexan protagonistas do seu propio desenvolvemento integral, desde o compromiso da comunidade cristiá. Inclúe a acción social, a sensibilización da sociedade e a denuncia das situacións de inxustiza con feitos e palabras para conseguir un mundo máis xusto e solidario.

Así pois, desde Cáritas queremos construír entre todos un mundo onde os bens terreaux sexan compartidos por toda a humanidade: Desde a dignidade da persoa: ao servizo dos máis pobres, sen distinción de relixión nin orixe cultural ou étnico, para que consigan chegar a ser actores e suxeitos da súa propia historia. Desde o traballo pola xustiza social: loitando contra a pobreza, a exclusión, a intolerancia, a discriminación e contra toda forma de violación dos dereitos humanos. Desde a solidariedade e o compartir fraterno: para que todos sexamos verdadeiramente responsables de todos.




Os nosos valores

Os valores de Cáritas Diocesana son os recollidos no Evanxeo: a esperanza, a xustiza, a fraternidade, a solidariedade e o compartir.

Con estes valores desenvolvemos a nosa acción ao servizo das persoas máis necesitadas, coidando a súa dignidade, con creatividade, eficiencia e transparencia.

Consideramos fundamental incorporar como principio un modelo baseado na relación de axuda que fomenten as persoas que atendemos: a participación, a convivencia, a independencia, pero tamén a solidariedade e o apoio mutuo ou a interdependencia, favorecendo ao máximo a autonomía e a autorrealización.

CÁRITAS NA DIOCESE DE LUGO



Cáritas Parroquiais, Interparroquiais e parroquias onde levamos a cabo a nosa acción.

- 1 LUGO**
- SERVIZOS XERAIS**
R/ Luis Peña Novo, 6.
- Centro de Servizos 1**
Avd. das Américas 93-97.
- Centro de Servizos 2**
Avd. das Américas 103.
- CÁRITAS PARROQUIAIS**
- San Pedro**
R/ Nova, 42.
- San Antonio**
R/Tui, 39.
- San Lorenzo de Albeiros**
R/ Enebro, 11.
- A Milagrosa**
Praza da Milagrosa.
- Santiago A Nova**
R/ San Pedro, xunto a Correos.
- San Francisco Javier**
R/ Roi Xordo, 6.
- San Froilán**
Praza do Ferrol, 14.
- Sagrado Corazón**
Polígono industrial de Sagrado Corazón.
- San José As Gándaras**
R/ San Xosé, s/n.
- Buen Pastor**
R/ Obispo Ona de Echave.
- San Lázaro del Puente**
R/ Luís Peña Novo, 6,
(Servizos Xerais).

- 2 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE MONFORTE DE LEMOS**
R/ Costa da Pena, 2.
Roupeiro
R/ Chantada, 175, baixo.
- 3 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SARRIA**
R/ Formigueiros, 0.
- 4 CÁRITAS PARROQUIAL DE RABADE**
Avd. dos Remedios, 3.
- 5 CÁRITAS PARROQUIAL DE MEIRA**
Praza do Concello, 7.
- 6 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE NAVIA DE SUARNA - CERVANTES**
Avd. de Galicia, 21, 2ª, Navia de Suarna.
- 7 CÁRITAS PARROQUIAL DE SAN CLODIO E QUIROGA**
Parroquia de San Martín de Abaixo, Apt correo, 30, 27320, Quiroga.
- 8 CÁRITAS PARROQUIAL DE CHANTADA**
R/ Juan XXIII, 27.

- 9 CÁRITAS PARROQUIAL DE MONTERROSO**
R/ Ramón Díaz, 7.
- 10 CÁRITAS PARROQUIAL DE ANTAS DE ULLA**
R/ Camino do Cura, s/n.
- 11 CÁRITAS PARROQUIAL DE MELIDE**
R/ Mateo Segade Bugueiro, 2.
- 12 CÁRITAS PARROQUIAL DE LALÍN**
R/ Z , s/n.
- 13 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SILLEDA**
R/ G, 3, baixo.
- 14 CÁRITAS PARROQUIAL DE PUEBLA DE SAN JULIÁN**
R/ Benigno de Quiroga, 84.
- 15 CÁRITAS PARROQUIAL DE O CORPIÑO**
Santuario do Corpiño, Santa Eulalia de Losón, Lalín.
- 16 CÁRITAS PARROQUIAL DE A FONSA GRADA**
R/ Maior, 4.

- 16 PARROQUIA DE SANTIAGO DE ARNEGO**
Santa Baia, Rodeiro, Pontevedra.
- 18 PARROQUIA DE PALAS DE REI**
Igrexa de San Tirso de Palas de Rei.
- 19 PARROQUIA DE CASTROVERDE**
Igrexa Parroquial de Castroverde.
- 20 PARROQUIA DE O COUREL**
Igrexa Parroquial de O Courel.
- 21 PARROQUIA DE PIEDRAFITA DO CEBREIRO**
Igrexa Parroquial de Pedrafita do Cebreiro.
- 22 PARROQUIA DE FRIOL**
Igrexa Parroquial de Friol.

AGRADECIMENTO

A actuación de Cáritas Diocesana de Lugo non sería posible sen o compromiso de moitos homes e mulleres que se empeñan en mellorar as condicións das persoas que peor o están pasando na nosa contorna e desde aí comprometerse na construción dunha sociedade máis xusta, digna e igualitaria para todos.

Son os nosos voluntarios e traballadores, os nosos socios e doantes, quen día a día, desde a súa xenerosidade, compromiso e traballo, fixeron posible toda a realidade de traballo que aparece nesta memoria. Así como as institucións públicas e entidades privadas que apoiaron a xestión e o traballo de Cáritas Diocesana de Lugo.

Grazas a todos.



NOVA SEDE E CASA DA MISERICORDIA

Nova sede de Cáritas Diocesana de Lugo.
Fotografía de Xesús Ponte. El Progreso.



Cáritas Diocesana de Lugo inaugurou a súa nova sede e a Casa da Misericordia

Con enorme ledicia e profunda gratitude, **Cáritas Diocesana de Lugo celebrou a inauguración oficial da súa nova sede e da Casa da Misericordia**, dous espazos pensados para seguir construíndo esperanza, dignidade e acompañamento no corazón da nosa diocese.



Este novo fito representou moito máis ca un cambio de ubicación. Foi a materialización dun proxecto que levaba tempo xestándose con ilusión, traballo e compromiso. Un espazo renovado, acolledor e funcional, ao servizo das persoas máis vulnerables, de quen precisa ser escoitado, acompañado e apoiado.



Vídeo
Inauguración nova sede de
Cáritas Diocesana de Lugo



A **Casa da Misericordia**, destinada ás persoas privadas de liberdade, nace como un lugar de encontro, consolo e reconstrución persoal. Un fogar para quen atravesamos momentos difíciles, onde serán acollidos con calor, respecto e humanidade. A súa apertura simboliza a nosa vocación de proximidade e o noso desexo de tender a man alí onde se precisa.

Con esta inauguración, reforzamos o noso compromiso coa xustiza social, coa solidariedade e coa acción transformadora do amor.

Queremos que esta casa sexa tamén a casa de toda a comunidade, unha casa viva onde agromen oportunidades, vencellos, dignidade e vida.

Agradecemos a todas as persoas, entidades e institucións que fixeron posible este soño: pola súa xenerosidade, a súa confianza e a súa fe na misión de Cáritas. Este novo paso é de todos e todas.

Seguimos camiñando xuntos, con máis forza, máis medios e a mesma paixón de sempre: servir a quen máis o precisa.



Vídeo
Inauguración
**CASA DA
MISERICORDIA**

AS PERSOAS



34

Persoas contratadas

Traballadores/as que se distribuíron entre as diferentes Cáritas Parroquiais e Interparroquiais, Servizos Xerais e Programas Diocesanos.



396

Persoas voluntarias

Voluntarios e voluntarias que se distribuíron entre as diferentes Cáritas Parroquiais e Interparroquiais e campañas en todo o territorio da Comunidade Autónoma Gallega que abarca a Diocese de Lugo.



7.595
**Persoas
acompañadas**

Persoas que foron directamente
acompañadas por Cáritas Diocesana
de Lugo durante o ano 2024.



31.722
**Persoas
beneficiarias**

Persoas ás que chegou a labor de
Cáritas Diocesana de Lugo.

PROGRAMAS DIOCESANOS

En Cáritas Diocesana de Lugo contamos con 20 programas de intervención social que buscan a promoción, integración e inclusión das persoas e grupos en situación de exclusión social.

Acollida e Asistencia a Persoas a Marxinadas e Excluídas	22
Familias en Desvantaxe	27
Acubillo Lalín	30
Acollida a Familias no Rural	33
Emprego	35
Adquisición de Competencias Clave e Dixitais	40
Arraigo para a Formación	44
Atención a Persoas con Discapacidade	47

Atención á Infancia	50
Atención á Xuventude	53
Intervención Educativa	56
Escola de Pais e Nais	58
Atención a Persoas Migrantes “Contade con Nós”	62
Migrantes “Participa con Nós”	65
Maiores “Vivir na Casa”	68
Acollida a Mulleres Víctimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual	71
Promoción da Saúde Integral das Mulleres	74
Acollida a Persoas Sen Fogar	77
Formación e Sensibilización do Voluntariado	80



Acollida e Asistencia a Persoas Marxinadas e Excluídas

A crecente vulnerabilidade de moitas familias da diocese de Lugo, agravada pola crise económica e a guerra en Ucraína.

O aumento do custo de vida dificultou que moitas persoas poidan cubrir necesidades básicas como a alimentación, a vivenda e os subministracións. Esta situación afecta especialmente a aquelas que carecen de ingresos estables ou de redes de apoio.

O programa céntrase en ofrecer axuda directa, asesoramento social e ferramentas para fomentar a autonomía persoal e familiar, contribuíndo así a mellorar a calidade de vida das persoas en risco de exclusión social.

A través de axudas para alimentación, vivenda e outros gastos básicos, conseguiuase aliviar as dificultades económicas de moitas familias.

Ademais, proporcionouse asesoramento social e xurídico, facilitando así a xestión de trámites e o acceso a recursos.

A realización de obradoiros prácticos tamén foi clave para fortalecer a autonomía persoal e a toma de decisións no fogar. Estas accións permitiron que moitas persoas melloraran a súa estabilidade social e laboral, favorecendo a súa integración na comunidade.

**CONSEGUIMOS MELLORAR NOTABLEMENTE A SITUACIÓN DAS PERSOAS
ACOMPAÑADAS, OFRECENDO RESPONSTAS EFICACES ÁS SÚAS
NECESIDADES MÁIS URXENTES.**

CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO LEVA MÁIS DE 60 ANOS ACOMPAÑANDO A PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE, PROMOVEDO A SÚA AUTONOMÍA E DIGNIDADE.

Para iso, as axudas están deseñadas de xeito que as persoas poidan xestionar directamente os seus propios recursos.

Un claro exemplo deste enfoque son as axudas para a alimentación, que se entregan en forma de cheques ou tarxetas. Isto permite que cada persoa elixa libremente os produtos que necesita e organice o seu menú segundo as súas preferencias e circunstancias, favorecendo así a súa independencia e benestar.

Nos **servizos xerais** bríndase atención personalizada mediante entrevistas semanais para detectar e atender necesidades urxentes. O Programa de Acolida tamén inclúe asesoramento xurídico e orientación en aspectos familiares, educativos e laborais. Cando é necesario, dévanse as persoas a programas especializados de Cáritas Diocesana de Lugo, como Emprego, Familias,

Intervención Educativa... Así mesmo, trabállase en coordinación cos traballadores sociais dos concellos, centros de saúde e outras entidades do terceiro sector para ofrecer un apoio integral.

O labor **nas parroquias** céntrase na atención directa ás persoas, comezando con entrevistas semanais para coñecer as súas necesidades e brindarlles información, asesoramento e acompañamento. Proporcióname apoio económico para cubrir gastos esenciais como alimentación, vivenda, atención sanitaria e material escolar.

Para garantir unha atención máis próxima, realizáronse visitas domiciliarias que permitiron avaliar mellor cada situación. Ademais, organizáronse reunións de análise para valorar os casos e definir as mellores respostas posibles. No que respecta á entrega de roupa, esta xestiónase a través do servizo de ropero nas Cáritas Interparroquiais de Monforte e Sarria.

O programa reforza o seu labor mediante a organización de dous obradoiros formativos:

Obradoiro de Organización Económica:

Realizado en colaboración co Banco Santander, onde os participantes analizaron a súa situación financeira e aprenderon ferramentas para xestionar mellor os seus recursos, promovendo decisións económicas máis acertadas.

Obradoiro para Mellorar a Calidade da

Vivenda: Impartido en colaboración coa Escola Galega de Consumo, este obradoiro informou ás persoas participantes sobre os seus dereitos como consumidores e como presentar reclamacións cando sexa necesario. Ademais, proporcionáronse pautas para garantir un entorno doméstico seguro e adecuado.

Estes dous obradoiros desenvolvéronse en cinco zonas estratéxicas da diocese: Lugo, Sarria, Monforte, Melide e Lalín.



Roupeiro diocesano

Este servizo actúa como un recurso transversal que proporciona roupa a persoas derivadas desde diversos programas de Cáritas, Servizos Sociais do Concello de Lugo, municipios da diocese, Cruz Vermella e os Centros Penitenciarios de Bonxe e Monterroso.





11

Técnicos



187

Persoas voluntarias



1.477


Familias acompañadas




3.139

Persoas acompañadas


O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres



Viven en alugamento



Familias con menores a cargo



Familias sen ingresos

Axudas entregadas

Alimentos

2062

Vivenda

1028


Subministracións

393

Outros

243

Axudas de roupa





Un oasis con corazón no medio do deserto

Creo que este título fai honra ao que quero expresar. Non escribo en nome propio, senón en representación das miles e miles de persoas desfavorecidas que chamamos á túa porta.

Atopámonos cun servizo impregnado de comprensión. Escoítasnos, ofrécesnos calor humano, xenerosidade, orientación, axuda económica. Sempre estás pendente de todos.

Es o corazón que canaliza o amor de Deus cara a propios e inmigrantes que, ansiosos, agardamos nunha sala con rostros cansas, pálidos, a boca seca e, moitas veces, os ollos vermellos polo pranto.

E, con todo, saímos de alí rebordantes de ledicia, imbuidos de fe e esperanza, cun sorriso no rostro e os ollos iluminados pola bendición de Deus tras ser atendidos en todas as túas áreas. Só mencionarei algunhas:

ACOLLIDA

Ansos que nos axudan a ter un prato quente de comida, un espazo onde vivir, o pagamento do alugueiro, da luz, da auga...

Devólvennos a fe, a confianza de saber que temos unhas mans amigas que nos sosteñen con sorrisos que reflicten o amor dunha alma nobre de educadora social.

Devólvemos as ganas de saír adiante coa esperanza dun mañá mellor.

ORIENTACIÓN LABORAL

Oriéntannos e acompañannos a través de obradoiros, traballando conxuntamente connosco para potenciar as nosas cualidades e mellorar a nosa empregabilidade.

ORIENTACIÓN XURÍDICA

Atiéndennos con agarimo, asesórannos e acompañannos na nosa situación legal e laboral, regularizando, moitas veces, o noso status migratorio.

ROUPEIRO

Bríndanos abrigo, protección e dignidade a todas as familias necesitadas.

Dende o primeiro paso que damos, en cada área, somos recibidos cun sorriso e cun “ola” que nos humaniza. Persoas profesionais ofrécenos os seus coñecementos con alegría e cariño. Chegan ás nosas vidas coma un bálsamo no medio de tanta adversidade.

Grazas por darnos a súa comprensión, o seu amor, o seu tempo.

Deus bendiga a cada persoa que forma a gran familia de CÁRITAS.



Carmen Lourdes Dianderas,
participante do programa
de Acolida

Familias en Desvantaxe

Este programa é necesario para apoiar as familias vulnerables en Lugo, ofrecendo unha intervención integral que lles permita mellorar a súa situación.

As persoas que chegan ao programa están afrontando un aumento do custo de vida, sendo máis de 167.000 afectadas en Galicia por carencias materiais severas. A pobreza incrementou nun punto porcentual en pouco tempo, especialmente entre fogares en alugueiro con nenos ou sen ingresos estables. Ademais, o desemprego agrava estas dificultades, limitando a capacidade das familias para facer fronte a gastos inesperados e comprometendo a súa calidade de vida.

O PROGRAMA DE FAMILIAS EN DESVANTAXE CONSEGUIU REDUCIR A TRANSMISIÓN INTERXENERACIONAL DA POBREZA AO OFRECER UNHA ATENCIÓN INTEGRAL E PERSONALIZADA ÁS FAMILIAS MÁIS VULNERABLES.

Mellorou a vida das persoas que acompañamos e proporcionoulles as ferramentas necesarias para superar as súas dificultades económicas e sociais. A través do empoderamento e a promoción de redes de apoio, as familias logran desenvolver habilidades, aumentar a súa autonomía e fortalecer o seu benestar. Ademais, a colaboración cos técnicos de referencia permite establecer vínculos de confianza que son fundamentais para o apoio continuado.

En xeral, contribúe á transformación positiva das vidas das familias participantes.



Obradoiro "Se o dono das túas emocións" en Castro Caldelas.

“

A miña situación ao chegar a Cáritas era un pouco difícil debido a que a miña muller acababa de chegar de Venezuela coa axuda dalgúns amigos e familiares. Vémonos na situación de facer fronte ao pago dun alugueiro e ás propias necesidades básicas.

Foi a través de Cáritas que puidemos solventar esta situación e conseguimos saír un pouco da difícil circunstancia de ser inmigrantes.

Cáritas proporcionounos os recursos necesarios para acadar o noso obxectivo, que é estabilizarnos, poder ser autosuficientes e non unha carga para a sociedade. Hoxe en día estou traballando como autónomo na área da limpeza de cristais e a miña muller está estudando.

Conseguiu obter o título da ESO e actualmente cursa un ciclo de Formación Profesional en Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

A nosa calidade de vida mellorou moito e estamos conseguindo, con moito esforzo, a estabilidade e tranquilidade que buscábamos.”

Oscar Alexis,
participante do
programa Familias en
Desvantaxe





1

Educadora Social



4

Persoas voluntarias



32

Familias acompañadas



98

Persoas acompañadas

O PROGRAMA ENFOCOUSE NA DIGNIDADE E NA AUTONOMÍA DAS PERSOAS, PROPORCIONANDO ACOLLIDA, ORIENTACIÓN PERSONALIZADA E AXUDA A NECESIDADES BÁSICAS.


A utilización de vales e transferencias promove a independencia financeira das familias, mentres que os plans de traballo e visitas domiciliarias permiten adaptar os servizos ás súas necesidades.

Os obradoiros sobre intelixencia emocional resaltan a importancia da saúde emocional.


O traballo do persoal técnico e voluntarios e voluntarias foi esencial para ofrecer apoio significativo.

Todo iso busca un cambio sostible cara a un futuro máis positivo para as familias.


O perfil das persoas acompañadas



Son mulleres




Familias monoparentais



Menores de idade




Viven de alugamento




Nacionalidade española




Bacharelato homologado



Traballa por conta propia ou allea



Percibe alguna prestación



Non ten ingresos

Acubillo Lalín

As persoas chegan con dificultades socioeconómicas, educativas e relacionais, que afectan tanto ao desenvolvemento dos menores como á dinámica familiar.

O programa é necesario para mellorar os niveis de inclusión social das familias con nenos, nenas e adolescentes en situación de vulnerabilidade ou exclusión social en Lalín.

A falta de recursos, de redes de apoio e as carencias educativas son algunhas das situacións detectadas que fan imprescindible este acompañamento.

O PROGRAMA CONTRIBUÍU A MELLORAR O BENESTAR EMOCIONAL, SOCIAL E EDUCATIVO DOS MENORES E DAS SÚAS FAMILIAS.

Favoreceu a adquisición de hábitos saudables, o fortalecemento do vínculo materno-filial, o desenvolvemento de habilidades sociais e a mellora do rendemento escolar. Ademais, ofreceu espazos de respiro familiar e oportunidades de lecer e tempo libre inclusivo, favorecendo así a súa integración social.

Actividades

- Acompañamento e axuda económica por menor a cargo.
- Coordinación con outros axentes sociais.
- Actividades educativas: aula aberta, grupos de estudo, reforzo individual, logopedia, psicomotriz.
- Lecer e tempo libre: centro aberto, colonias urbanas, campamentos.
- Atención psicoterapéutica.
- Obradoiros educativos familiares.
- Obradoiros de atención integral a nais e fillos expostos a violencia.



4

Técnicos



27

Familias
acompañadas



83

Persoas
acompañadas

“

Como familia, estamos moi contentos e agradecidos polo grandioso labor que as mestras de Acubillo lle ofrecen aos nosos nenos.

Son persoas moi dedicadas, atentas, próximas e agarimosas. E, por suposto, moi profesionais.

Grazas ao equipo pola súa dedicación e entrega.”.

Claudine Chacón,
participante do proxecto
Acubillo Lalín.



Acompañamento das Familias no Rural

A exclusión social no medio rural adoita pasar desapercibida, xa que a atención céntrase principalmente nas cidades. A falta de servizos básicos e de oportunidades laborais limita o seu desenvolvemento persoal e profesional, afectando á súa integración e calidade de vida. Abordar estes problemas é esencial para garantir unha maior igualdade e benestar nas comunidades rurais.

As persoas que acoden ao programa adoitan atoparse en situación ou risco de exclusión social, aínda que a súa realidade pode estar menos visibilizada debido á dispersión xeográfica e á conformidade social e cultural do entorno.

O PROGRAMA LOGROU OFRECER APOIO INTEGRAL ÁS FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN NO MEDIO RURAL, FACILITANDO O SEU ACCESO A SERVIZOS PÚBLICOS, MELLORANDO AS SÚAS HABILIDADES PARA A VIDA DIARIA E FORTALECENDO A SÚA INTEGRACIÓN SOCIAL.

Ademais, creou espazos de compañía e confianza, onde as persoas puideran desenvolver estratexias para afrontar mellor as súas dificultades e reducir o impacto da exclusión territorial.

A vida das persoas acompañadas mellorou en diversos aspectos: adquiriron maior autonomía nas actividades do día a día, reforzaron as súas habilidades sociais, accederon a con máis facilidade a servizos públicos e melloraron o seu benestar persoal, familiar e social.

“

Grazas a este programa recibín a axuda que necesitaba para realizar varios cambios na miña vivenda, o que mellorou a calidade de vida da miña familia. Por iso, valoro profundamente este apoio e o acompañamento durante todo o proceso.”

Khadija Aboufaris ,
participante do
programa
Acompañamento das
Familias no Rural

Actividades

- Encontros coas familias.
- Acompañamento para os servizos públicos.
- Adestramento para a realización de actividades da vida diaria e adquisición de habilidades sociais.
- Arranxos nas vivendas, compra de material....
- Momentos de intercambio e animación entre as distintas persoas que en cada zona realizan as accións.



1

Técnica



2


Persoas voluntarias




7

Persoas acompañadas


O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres




Parella con fillos




En situación irregular



Viven acollidos nunha vivenda



Menores de 35 anos



Non ten ingresos



Emprego

Ofrecemos ás persoas en situación de vulnerabilidade a oportunidade de mellorar a súa empregabilidade e acadar un emprego digno. As persoas participantes adoitan chegar afrontando o desemprego, traballos precarios e outras dificultades, como carencias formativas e redes de apoio limitadas, o que aumenta o seu risco de exclusión social.

Cáritas proporciona ferramentas para que estas persoas participen no desenvolvemento económico e gocen de condicións laborais xustas, promovendo así unha verdadeira inclusión social.



***O traballo non é só unha
necesidade, é parte do
sentido da vida nesta terra,
un camiño de maduración,
de desenvolvemento
humano e de realización
persoal."***

Papa Francisco.

MELLOROU SIGNIFICATIVAMENTE A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS PARTICIPANTES, PERMITÍNDOLLES MELLORAR AS SÚAS HABILIDADES PROFESIONAIS, ASÍ COMO AS SÚAS COMPETENCIAS BÁSICAS E TRANSVERSAIS.

Moitas persoas realizaron accións formativas e adquiriron experiencia valiosa a través de prácticas non laborais en empresas. Ademais, algunhas conseguiron emprego tras a súa participación.

O programa promoveu a colaboración e o traballo en rede, favorecendo a inclusión social e laboral das persoas. Estas accións tiveron un impacto positivo, logrando que as persoas participantes poidan acceder, manter e, no caso de perda, reiniciar a procura de emprego de maneira autónoma.

Actividades

O programa desenvolveu diversas actividades para apoiar ás persoas participantes no seu camiño cara ao emprego. Estas actividades incluíron:

Información e Orientación

Establecéronse espazos de acollida e información, ofrecendo orientación laboral personalizada durante os procesos de busca de emprego.

Formación

O programa ofreceu formación ocupacional en diferentes sectores (limpeza hospitalaria, cociña, servizo en hostalería, carnizaría e limpeza).

Prácticas non laborais

As persoas participantes realizaron prácticas en empresas como parte da súa capacitación específica para postos de traballo.

Intermediación laboral

Conectouse ás persoas participantes con empregadores a través da Axencia de Colocación, un servizo autorizado polo Servizo Público de Emprego.

Traballo en rede

Rede T.I.L e I.T.D.



Curso de "Operacións Básicas de Cociña".



Curso de "Iniciación á Carnicería".



Acto polo Día da Xustiza Social da REDE TIL.



María de las Nieves,
participante do
programa de Emprego e
do curso “Limpieza de
Instalaciones Sanitarias”

“ A miña situación era complicada porque non tiña emprego e necesitaba formación para poder traballar. Xa acudira a Cáritas noutras ocasións para que me axudaran a atopar traballo. Esta vez, apunteime ao curso de Persoal de limpeza de instalacións hospitalarias que ofrecían, xa que me pareceu unha gran oportunidade para reincorporarme ao mercado laboral. E así foi: fixen a formación e puider traballar durante máis de 7 meses como limpadora no hospital. Espero que me volvan chamar pronto.

Axudáronme moito. É un centro que ofrece orientación sociolaboral e cursos para persoas en situación de desemprego, co obxectivo de facilitar a súa inserción laboral. Sempre que me quedo sen traballo, recorro a Cáritas.

Animaría a outras persoas a vir a Cáritas. Dálles a oportunidade de formarse e buscar emprego. A miña parella tamén participou no Programa de Emprego de Cáritas e agora está traballando. Incluso a miña filla acudiu. Creo que é un bo lugar para buscar axuda.”.



Alberto López Godoy,
Coordinador SS. AA.
Delegación Galicia

“

Levamos a cabo unha Escola de Oficios no servizo de limpeza hospitalaria do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) entre os meses de abril e maio de 2024. Constaba de dúas partes: unha teórica impartida conxuntamente por Serveo e Cáritas, e outra parte práctica exclusivamente en Serveo.

Desde a nosa perspectiva, a experiencia foi moi positiva e non tivemos ningún inconveniente, desenvolvéndose o programa segundo o previsto inicialmente. Durante todo o proceso, recibimos un seguimento continuo e profesional, e

ofrecéronnos o uso das instalacións e equipos de Cáritas para a impartición das clases teóricas.

É importante destacar o equipo humano de Cáritas Lugo, pola súa predisposición, a atención constante e o acompañamento en todo momento. Tamén cómpre mencionar as excepcionais instalacións de Cáritas, que contan cos recursos necesarios para ofrecer unha ampla gama de formacións, como limpeza, restauración, informática, entre outras.

Desde Serveo temos claro que colaborar con Cáritas Lugo non só beneficia á comunidade e ao entorno, senón que tamén estamos convencidos de que ten un impacto directo e positivo na nosa compañía, polo que animamos a outras empresas a seguir o noso camiño.”.





3

Técnicos



3

Persoas
voluntarias




412

Persoas
acompañadas


Participación nos servizos do Programa de Emprego



Acollida e
Información
Laboral



Orientación
Laboral. IPIS




Formación para
o Emprego




Intermediación
Laboral


O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres




Entre 35 e 45 anos




Traballa por conta
propia ou allea



Extracomunitario



Estudos medios
ou superiores
homologados



Con formación
sen homologar

Vídeo - Testemuño

Persoa acompañada en itinerario de
inserción laboral, alumno do curso
"Iniciación á Carnicería e Elaboración de
Produtos Cárnicos".



Adquisición de Competencias Clave e Dixitais

Cáritas Diocesana de Lugo ven executando desde hai anos unha intensa labor no ámbito da formación e o emprego, relacionados cos itinerarios de formación sociolaboral dirixidos a persoas que sofren especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, e que se atopan nunha situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión.

O programa de Competencias Clave e Dixitais básicas consiste en accións encamiñadas a adquisición de competencias clave, nivel 2 e 3, dirixidas a superar as probas convocadas pola Consellería de Emprego e Igualdade e outras encamiñadas a favorecer a inclusión dixital, acceso necesario para mellorar a empregabilidade e a participación en sociedade de tódalas persoas.

O PROGRAMA CONTRIBÚE DAR UNHA OPORTUNIDADE DE ACCESO A FORMACIÓN CUALIFICADA A PERSOAS SEN ESTUDOS HOMOLOGADOS.

O programa contribúe a mellorar a vida das persoas que participan nel na medida que lles da unha oportunidade de acceso a unha formación cualificada á que non poderían acceder doutra maneira, ademáis de ofrecer un espacio de integración para tódolos participantes.

Desde Cáritas proporciónaselles os participantes o material e os recursos necesarios para que poidan preparar con garantías as competencias de nivel 2 e 3, e así mesmo impartese unha formación en contidos dixitais necesaria e imprescindible para acadar certas destrezas no entorno dixital, e utilizar a tecnoloxía con familiaridade e de xeito seguro.

Cada ano os obxectivos do programa son máis ambiciosos e chegamos a máis persoas.



1

Técnica

COMPETENCIAS CLAVE

Formación en competencias clave en Lugo, Monforte, Melide, Lalín e Sarria. Catro horas semanais presenciais, unha por cada materia.

Acompañamento e titorización durante o proceso, inscrición en probas oficiais e traslado ás probas oficiais en Silleda en xuño (convocatoria ordinaria), e en outubro en convocatoria extraordinaria (Santiago).



1

Técnica




8

Persoas voluntarias



40

Persoas participaron en Competencias Clave




Aprobados das persoas que se presentaron ás probas de nivel 2.




Aprobados das persoas que se presentaron ás probas de nivel 3.


O perfil das persoas acompañadas



Son mulleres



Entre 35 e 50 anos



Orixe en América Latina



1

Técnica



1


Persoa
voluntaria




47

Persoas
participaron en
Competencias Dixitais
Básicas


O perfil das persoas acompañadas



Son mulleres



Entre 35 e 50
anos



Non nacional

COMPETENCIAS DIXITAIS BÁSICAS

Cinco cursos de 40 horas en competencias dixitais básicas: Lugo, Monforte, Melide, Lalín e Sarria. Impartidos cada un deles en dez días, en horario de mañá, catro horas diarias.



Clase de Competencias Dixitais en Lalín.



Clase de Competencias Dixitais en Sarria.



Clase de Competencias Dixitais en Lugo.

“

Levo xa catro anos colaborando como voluntario en Cáritas. Decidín unirme porque sempre tiveron a vontade de axudar ás persoas máis desfavorecidas, movido pola solidariedade.

A miña colaboración céntrase en impartir clases de competencias clave de lingua galega e en dar reforzo educativo en galego a nenos e nenas. Valoro moi positivamente esta experiencia, xa que os alumnos son moi colaboradores e vexo que realmente aproveitamos o tempo xuntos.

O que me impulsa a seguir é o desexo de continuar axudando e contribuír, na medida do posible, a acabar coas inxustizas. Esta labor tamén me enriquece persoalmente: aprendo moito e establécense relacións sociais moi gratificantes.

Cando vexo que os alumnos superan a competencia en lingua galega, sinto unha gran satisfacción persoal e a certeza de que o esforzo de todos vale realmente a pena.”.

Mario Pérez, Voluntario
do programa de
Competencias Clave
en Monforte.



“

Ola, cheguei coa miña familia a España o 28 de novembro de 2022, contabamos unicamente co pasaporte, sen outra documentación, non coñeciamos a ninguén.

Chegamos e achegámonos a Cáritas e eles brindáronnos axuda psicolóxica, económica, axudáronnos en moitas cousas.

Tamén nos ofreceron a posibilidade de participar en formacións como as competencias clave, das que aprobei lingua castelá e galega de nivel 2 e 3, e este ano sigo estudando e síntome moi ben, realizada, porque sei que as superarei e que me servirán de moito. Tamén participei no curso de competencias dixitais, que me gustou moito, abríume os ollos, fixo que vise moitas cousas que descoñecía e síntome moi ben e moi agradecida a Cáritas.”.



Samanta Cubas,
participante do
programa en Lalín.

Arraigo para a Formación

O Programa de Arraigamento para a Formación, froito de cadanseus convenios asinados entre Cáritas Diocesana de Lugo e a Consellería de Emprego da Xunta de Galicia, un con data do 16 de outubro de 2023 (desenvolvido entre outubro de 2023 e xuño de 2024) e outro con data do 23 de setembro de 2024 (desenvolvido desde setembro de 2024 ata a actualidade), ten como obxectivo regularizar a un número de persoas inmigrantes que se atopan en situación administrativa irregular, con boa conduta e que queiran regularizarse a través da figura do arraigamento para a formación.

É un programa necesario porque todos os participantes están en situación administrativa irregular e o programa axuda á obtención dun permiso.

O obxectivo do programa é triplo:

- Regularizar a cidadáns estranxeiros en situación irregular que leven un mínimo de 2 anos en España.
- Ofrecerlles formación.
- Conseguir finalmente a súa inserción laboral.


GRAZAS AO PROGRAMA, OS 20 PARTICIPANTES INICIAIS DO PROXECTO PILOTO DESENVOLVIDO ENTRE 2023 E 2024 CONSEGUIRON UN PERMISO DE RESIDENCIA E, POSTERIORMENTE, UN CONTRATO DE TRABAJO E O CONSEQUENTE PERMISO DE TRABAJO.

Os actuais 25 participantes do programa conseguiron no ano 2024 un permiso de residencia por arraigamento para a formación e están todos en fase de formación.



Actividades

- 1 Captación de potenciais persoas participantes.
- 2 Prospección empresarial.
- 3 Selección de persoas participantes.
- 4 Elaboración dun itinerario individualizado.
- 5 Impartición de formación capacitante.
- 6 Realización de todos os trámites administrativos ao longo de todo o proceso.
- 7 Inserción laboral.
- 8 Acompañamento ao participante durante todo o proceso.



Vídeo
Proxecto Arraigo
para a Formación





2


Técnicos




63

Persoas
acompañadas
(20 na primeira edición e
43 na segunda)


O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres




Orixinaria de
Colombia




Menor de 30 anos



Entre 31 e 50 anos



Con estudos sen
homologar



Sen estudos

“

Grazas ao Programa de Arraigamento para a Formación, puíden obter o meu permiso de residencia por circunstancias excepcionais, coa axuda dos técnicos que se encargaron de todos os trámites.

Realicei unha formación en “Actividades de Comercio, Loxística e Almacén” e levei a cabo as miñas prácticas non laborais no Supermercado FROIZ de Melide.

Desde a miña primeira entrevista en agosto de 2024, a miña situación mellorou moito. Naquel momento non tiña papeis, e agora conseguín regularizar a miña situación e formarme nunha área que me gusta. O meu obxectivo é conseguir un contrato no sector do comercio para obter un permiso de traballo.

Recomendo este programa a quen estea nunha situación semellante, porque ofrece grandes oportunidades para construír un futuro mellor en España.”.



Heidi Tatiana,
participante do
programa Arraigo
para a Formación.

Atención a Persoas con Discapacidade

Este programa é necesario para abordar as principais necesidades das familias con persoas con discapacidade, que enfrontan obstáculos para a vida independente e a integración social.

Acoden ao programa en situacións de vulnerabilidade, con escasos recursos e sen apoio familiar suficiente, o que xera sentimentos de soidade e desorientación. Presentan dificultades para acceder ao emprego debido á súa baixa formación, e os seus ingresos son insuficientes para cubrir necesidades básicas. A saúde psíquica e física destas persoas tamén se ve afectada, e as relacións sociais son escasas.

O PROGRAMA BUSCA PROPORCIONAR APOIO E ORIENTACIÓN, PROMOVEDO A IGUALDADE DE DEREITOS E DIGNIDADE.

CONSEGUIMOS DAR RESPOTA ÁS NECESIDADES DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, PROMOVEDO A SÚA AUTONOMÍA PERSOAL E MELLORANDO A SÚA CALIDADE DE VIDA.

Proporcionou recursos para cubrir necesidades básicas e tamén combater o illamento e a soidade. Ademais, as sesións de formación e obradoiros permitiron aos participantes aumentar a súa autonomía.

A permanencia no seu contorno habitual, como familia e amigos, foi unha das repercusións máis relevantes.

A participación nas actividades fixo mellorar súas relacións sociais e permitiu realizar actividades que antes non podían. Tamén aliviaronse as súas preocupacións económicas, asegurando que as súas necesidades básicas estean cubertas.

“

Cuando acudí a Cáritas hace unos cuantos años , estaba en una situación muy precaria, tanto económicamente como de salubridad. Recurrí a Cáritas por ello y por la depresión que sufría.

Con las motivaciones que Cáritas me ofreció, como son, entre otras, las actividades diversas, excursiones y ayudas económicas, la mejora es significativa, ya que no estoy con esa carga de la situación que atravesaba. Emocionalmente vivo más optimista, más entretenido y con una serie de conocimientos diversos.

En conclusión me ha sido y es un aporte que hace mi vida más fácil.

Eugenio Touzón,
participante do
programa Atención a
Persoas con
Discapacidade



Actividades

As accións que se levaron a cabo dende o programa foron:

- Acollda, información, asesoramento e orientación
- Axuda a necesidades básicas.
- Área recreativa e sociocultural.
- Accións formativas: obradoiros de cociña, de percepción corporal e de imaxe e coidado persoal.
- Sesións grupais e individuais de apoio psicolóxico.
- Acompañamento como proceso educativo recíproco.
- Visitas domiciliarias.
- A metodoloxía de traballo seguida coas persoas con discapacidade foi individual e tamén grupal.





3

Técnicos



12


Persoas
voluntarias




20

Persoas
acompañadas


O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres




Entre 35 e 55
anos




Nacionalidade
española




Sen estudos




Persoas soas



Viven en
alugamento



Percibe algunha
prestación



Non ten
ingresos

Obradoiro de manualidades.



Atención á Infancia

A acción con nenos , nenas e adolescentes en todos estes anos fíxonos constatar que dentro do núcleo familiar era necesario abordar algúns aspectos da problemática dos nenos e novos.

As familias destes rapaces non teñen previsto, nin teñen posibilidades de proporcionar un tempo de vacacións, nin tampouco de motivar e posibilitar actividades de lecer e tempo libre con e para os seus fillos e fillas.

Por iso, foi necesario poñer en marcha actividades de educación para o tempo libre que cubran a carencia destes nenos ofertándolles novos ámbitos de experiencia que posibiliten a adquisición de hábitos, actitudes e valores en contacto con nenos e mozos en situacións normalizadas.

O obxectivo do programa é favorecer o crecemento persoal e social de nenos da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante actividades que faciliten o desenvolvemento de hábitos, actitudes e destrezas favorecedoras do desenvolvemento integral da persoa, implicando e animando a participación e colaboración entre pais e educadores.

O PROGRAMA DESENVOLVE UN AMPLO ABANO DE ACCIÓNS: CAMPAÑAS EDUCATIVAS , ACTIVIDADES DE LECER, ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN, ASISTENCIA A ACTOS CULTURAIS, PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS, OBRADOIROS, ASÍ COMO REUNIÓN PERIÓDICAS E ASISTENCIA A CURSOS DE FORMACIÓN PARA OS MONITORES.

CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

- Acto de sensibilización: I Edición dos Premios da Caridade.
- Campaña do Día Internacional da Infancia.

ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

- Actividades de Entroido.
- Campamento Urbano XXX en Lugo.
- Campamento Urbano en Monforte.
- Campamento Urbano en Sarria.
- Imos ao cine.
- Obradoiro de Uso Racional de TIC.
- Actividades de Nadal.



“

Desde pequena he vivido lo que significa ir de campamento. Ser niña de campamento, ser adolescente y ahora ser monitora. He pasado por cada etapa. Y la verdad es que he disfrutado de cada etapa y cada momento.

Me acuerdo de cuando era pequeña, y llegaba el momento de ir de campamentos, como cada año, conocer niños nuevos y ver también a los que ya conocía, hacer juegos e ir de acampada.

Era maravilloso pasar tiempo con todos, tanto niños como monitores y ver que llegaba el último día y que no parabas de llorar porque no querías separarte de ninguno de ellos. Y eso significaba que había sido genial y que no queríamos irnos a casa.

Y puedo decir, que ahora, me pasa lo mismo o peor, siendo monitora y disfrutando de estos pequeños todos esos días.

Se acaba el campamento y cada año es como que me falta algo, las primeras semanas sobre todo, lo llevo mal, los echo de menos y estoy deseando pasar tiempo con ellos, hacer juegos, cantar, bailar, ir a la piscina y todos los momentos maravillosos que pasamos con todos ellos.

Estoy muy orgullosa de formar parte de este equipo, de haberle hecho caso a mi madre y ser una más.

Mucha gente te dice “para qué te sirve?”, “pero si no te pagan, porqué lo haces?” y mi respuesta siempre será: “me hace feliz”.

Estos niños me dan toda la felicidad del mundo y yo espero estar dándosela a ellos también.”.



Nerea Portela Veiga,
exparticipante e
monitora do programa
Atención á Infancia



1

Técnicos



30


Persoas
voluntarias




191

Persoas
acompañadas

O perfil das persoas acompañadas




Son nenas




Entre 10 e 14
anos




Estudiantes de
primaria



Nacionalidade
española



Familias
compostas por
parellas con
fillos



Familias
monoparentais



Atención á Xuventude

A desigualdade impón no presente unha desvantaxe para a xuventude de familias con menos recursos , en aspectos tan fundamentais como a educación, a saúde e a vivenda, o que se traduce nunha vulneración dos seus dereitos máis elementais e unha percepción deteriorada do que a vida lles ofrece.

Para reducir as desigualdades é necesario mellorar o impacto dos sistemas educativos na igualdade de oportunidades para romper o ciclo de desvantaxes, garantindo que todos os mozos e mozas poidan beneficiarse dunha educación inclusiva e de alta calidade, que promova o seu desenvolvemento emocional, social, cognitivo e físico.

O OBEXTIVO PRINCIPAL É FAVORECER O CRECEMENTO PERSOAL, SOCIAL E PROFESIONAL DA XUVENTUDE NA DIOCESE DE LUGO.

O proxecto desenvolve un amplo abano de accións: Campañas Educativas , actividades de lecer, actividades de sensibilización, asistencia a actos culturais, participación en actividades deportivas, culturais, así como reunións periódicas e asistencia a cursos de formación para os monitores.



1
Técnicos



15
Persoas
voluntarias



65
Persoas
acompañadas

“

Os monitores do programa son xente moi diversa e divertida, sempre che animan a participar, a formar parte do grupo, idean actividades creativas e entretidas, ademais de que cada ano son diferentes e innovadoras. Co tempo coñécelos e convérteste en amigo deles, son moi achegables e alegres, incluso a pesar de facelo de xeito voluntario, dedicando tempo e esforzo, dan o mellor de si.

Participando coñeces a moita xente nova, ademais, os demais participantes tamén son amigables e, xeralmente, integran a

todos para que non se sintan excluídos, e animan o ambiente nas actividades para facelas divertidas.


Os lugares onde se levan a cabo as actividades tamén son moi variados, desde colexios ata praias, piscinas ou incluso parques naturais. Nestes lugares vivín moitas experiencias increíbles e fermosas xunto aos meus amigos do campamento.

Para min, o Programa de Xuventude de Cáritas é unha experiencia marabillosa que me gustaría vivir todos os anos. O único triste é que dure tan pouco, así podería disfrutalo moito máis.”.




Gabriel Eduardo Oballos,
participante do
programa Atención á
Xuventude


O perfil das persoas acompañadas




Son mozos




Teñen 15 anos




Estudantes de
secundaria



Nacionalidade
española



Famílias
compostas por
parellas con
fillos



Famílias
monoparentais

Intervención Educativa

O programa ten o obxectivo de garantir que todas as persoas, independentemente da súa situación, poidan acceder á educación en igualdade de condicións. As persoas que acoden ao programa adoitan atoparse con dificultades para continuar ou completar a súa formación debido á falta de recursos económicos.

Alguns son nenos/as que precisan apoio educativo ou teñen dificultades específicas de aprendizaxe, ou persoas adultas que necesitan obter a ESO para mellorar a súa empregabilidade ou mellorar o seu dominio do idioma para integrarse mellor na sociedade e no mercado laboral.

LOGRAMOS PROPORCIONAR AXUDA INDIVIDUALIZADA E PERSONALIZADA ÁS PERSOAS PERMITÍNDOLLES ALCANZAR OS SEUS OBXECTIVOS ACADÉMICOS.

Para lograr isto, desenvolvemos un amplo abanico de acción: orientación e acompañamento, valoración inicial, deseño de plans educativos...

Mediante un acompañamento educativo individualizado, as persoas que acompañamos adquiriron habilidades e coñecementos que lles proporcionaron maior autonomía e confianza no seu futuro, facilitándolles a súa integración no ámbito educativo e impulsando o seu desenvolvemento persoal e profesional.

ACTIVIDADES

- Reforzo educativo para nenos/as e avaliacións psicopedagóxicas nun centro especializado.
- Clases de reforzo para a xuventude en diferentes academias.
- Alfabetización e formación de adultos.
- Asesoramento para que os pais e nais participen activamente no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Elaboración de recursos educativos.
- Reunións cos voluntarios/as.



Clase de Intervención Educativa en Lugo



Clase de Intervención Educativa en Monforte



Clase de Intervención Educativa en Lugo



2

Técnicas



14


Persoas
voluntarias




99

Persoas
acompañadas


O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres




Menores de 18 anos




Orixinarias de América Latina



Orixinarias de África



Participan en Reforzo Educativo



Participan en Alfabetización

“ Son de Siria e levo catro anos vivindo en Lugo. Estou moi agradecida a Cáritas por ofrecermos a posibilidade de participar nas clases de alfabetización.

Grazas a estas clases, podo comprender e comunicarme mellor en español, e isto é fundamental para situacións como ir ao médico, falar cos profesores dos meus fillos, realizar trámites.

Síntome moi feliz de poder aprender o idioma, xa que me facilita a integración na cultura española.”.



Asmaa Mahmoud,
participante do
programa Intervención
Educativa

Escola de Pais e Nais

O programa proporciona apoio, acompañamento e orientación para mellorar as capacidades parentais, a xestión emocional e a integración das novas tecnoloxías, a través de obradoiros sobre habilidades parentais.

As persoas que acoden ao programa adoitan atoparse con limitacións no acceso a oportunidades e recursos. Ademais, moitas familias experimentan conflitos de convivencia cos seus fillos/as ante os que moitos pais e nais se sinten desorientados e buscan apoio para mellorar a súa xestión e fortalecer os vínculos familiares.

ACTIVIDADES

- Acollda, asesoramento e orientación en todo o proceso.
- Obradoiros nas diferentes zonas: Lugo, Lalín e Melide.
- Ferramentas de “coaching”.
- Sesións individuais para orientación presencial cas familias.

CONSEGUIMOS CREAR UN ESPAZO DE ACOLLIDA ONDE AS FAMILIAS PUIDERON EXPRESAR AS SÚAS PREOCUPACIÓNS E NECESIDADES, ADEMAIS DE RECIBIR ORIENTACIÓN PARA MELLORAR A COMUNICACIÓN NO FOGAR.

A vida das persoas que acompañamos mellorou significativamente, xa que os pais e nais adquiriron habilidades para a xestión emocional e a resolución de conflitos, favorecendo unha convivencia máis respectuosa. Ademais, formáronse no uso das novas tecnoloxías e na súa integración na vida familiar, o que lles permitiu adaptarse mellor aos retos actuais. En conxunto, o programa contribuíu a fortalecer ás familias e a favorecer o desenvolvemento dos seus fillos.



“ Os obradoiros da “Escola de Pais” foron unha experiencia enriquecedora que me brindou as ferramentas necesarias para comprender mellor á miña filla e ofrecérllle unha crianza máis axeitada.

A psicopedagoga compartiu numerosos consellos prácticos, adaptados á idade dos nenos e á dinámica familiar de cada participante.

Grazas a estes obradoiros, síntome máis segura e preparada para afrontar os desafíos da crianza con maior coñecemento e empatía.”.



Irene Buenaño Montoya,
participante do
programa Escola de Pais
e Nais



1

Técnica



43

Persoas
acompañadas




Vídeo
Escola de Pais
e Nais







O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres




Maiores de 35
anos



Orixinarias de
América Latina




Con estudos
universitarios
(sen homologar)




Familias
compostas por
parellas con
fillos



Viven en
alugamento



Teñen permiso
de residencia



Non teñen
ingresos

Atención a persoas migrantes

“Contade con Nós”

As persoas estranxeiras chegan a España a través de diversas rutas e por diferentes motivos, xa sexa por razóns laborais, familiares, educativas ou fuxindo de conflitos e persecucións nos seus países de orixe.

Moitas emprenden viaxes longos e perigosos, enfrontándose a riscos de explotación e violencia. Ao chegar, atópanse cun sistema legal complexo que regula o seu estatus migratorio e numerosas dificultades no acceso aos servizos.

A asesoría xurídica é crucial para que comprendan os seus dereitos, poidan xestionar os trámites necesarios e eviten situacións de abuso ou deportación. Ademais, axúdaas a integrarse de maneira efectiva na sociedade española, promovendo o seu benestar e seguridade.

O SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA PRESTADO AXUDOU ÁS PERSOAS ESTRANXEIRAS A ENTENDER OS SEUS DEREITOS E OBRIGAS, O QUE LLES PERMITIU TOMAR DECISIÓNS INFORMADAS.

ADEMAIS, FACILITOU O ACCESO AOS TRÁMITES NECESARIOS PARA REGULARIZAR O SEU ESTATUS MIGRATORIO E A REAGRUPACIÓN DAS SÚAS FAMILIAS.

Prestouse apoio na obtención de documentos esenciais, como permisos de traballo ou residencia, xestións consulares ou o acceso á nacionalidade.

A información e o apoio ofrecido contribúen a unha mellor integración social e laboral de todas as persoas migrantes, facilitando o acceso a recursos e a protección legal necesaria.

ACTIVIDADES

- **Servizo de información e orientación**

Ofrece asesoramento legal especializado sobre temas migratorios. O obxectivo é axudar a comprender a normativa, os dereitos e deberes no país de residencia, apoiando na xestión documental necesaria para a integración social e laboral.

- **Asistencia técnica no acceso á nacionalidade española**

Ofrécese orientación sobre os requisitos específicos para cada tipo de nacionalidade, axuda na recopilación e preparación de toda a documentación, e así mesmo asístese na presentación da solicitude ante as autoridades competentes.

- **Sesións informativas**

Encontros interactivos deseñados para proporcionar ás persoas participantes unha comprensión clara e sinxela da normativa de estranxeiría, resolver dúbidas e facilitar material informativo.

“Estou moi agradecida polo traballo de Cáritas en todos os sentidos, desde o primeiro momento sentínome acollda.

O servizo de asesoría xurídica foi moi importante para tramitar os meus papeis; sen esta axuda sería moi complicado por falta de recursos.

Grazas ao seu apoio, agora mesmo teño a miña residencia e a miña filla tamén reside legalmente, e estamos en trámite para obter a nacionalidade. Só podo dar as grazas pola axuda prestada por todo o equipo.”.



Zoronilza Fonseca,
participante do
programa “Contade con
Nós” en Lugo

“Cheguei a España buscando novas oportunidades, pero enfrontei a moitas dificultades, especialmente no ámbito laboral e social.

Ao trasladarme a Galicia, atopei un entorno máis próximo ás miñas raíces e comecei a reconstruír o meu camiño.

En novembro de 2024, Cáritas Lugo orientoume sobre os pasos e a documentación necesaria para solicitar o arraigamento social, o que foi fundamental para avanzar no meu proceso de regularización e facer posible un novo comezo.”.



3


Avogados




473

Persoas acompañadas


O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres




Menores de 50
anos




Orixinarias de
América Latina




Orixinarias de
África



En situación
administrativa
irregular



Con permiso de
residencia



Solicitantes de
Protección
Internacional

Migrantes

“Participa con Nós”

As migracións foron unha necesidade para a humanidade desde a antigüidade.

Na actualidade, un dos principais obstáculos que impiden a integración das persoas inmigrantes e o seu acceso equitativo aos dereitos humanos nas sociedades de acollida son os sentimentos arraigados que existen en contra delas e as prácticas discriminatorias.

É vital que a sociedade comprenda que a emigración é un proceso traumático no que a persoa deixa a súa terra e a súa familia por necesidade e por vontade de progreso.


Unha convivencia pacífica implica necesariamente unha adaptación mutua e unha construción compartida entre a poboación autóctona e a poboación estranxeira.

DESENVOLVEMOS E ORGANIZAMOS DIVERSAS ACCIÓNS ENCAMIÑADAS A FAVORECER A PARTICIPACIÓN SOCIAL E INCLUSIVA DA POBOACIÓN INMIGRANTE, ASÍ COMO A CONVIVENCIA INTERCULTURAL.

Facilitamos a mediación e o apoio necesarios nas distintas fases de adaptación e asentamento. Intentamos evitar o illamento da poboación inmigrante e favorecer a adquisición de habilidades e coñecementos por parte desta, organizando diferentes actividades inclusivas, como por exemplo obradoiros formativos e de lecer, saídas culturais e excursións; así como actividades encamiñadas a sensibilizar no respecto á diferenza cultural na sociedade de acollida.

ACTIVIDADES

- Acompañamento integral e axuda económica.
- Xestión de retorno voluntario.
- Obradoiro CCSE (coñecementos constitucionais e socioculturais de España).
- Obradoiro DELE A2 (diploma de español como lingua estranxeira).
- Obradoiro de iniciación al castellano.
- Obradoiro de iniciación á informática.
- Saída cultural a “O Vello Cárcere”.
- Saída cultural ao Museo de Lugo.
- Excursión á Mariña Lucense.



Grupo de alumnos/as que realizaron o exame de acceso á nacionalidade española.



1

Técnico



3


Persoas voluntarias




135

Persoas acompañadas


O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres




Maiores de 40 anos




Orixinarias de América Latina




Con estudos sen homologar




Con fillos a cargo



Viven en alugamento



Teñen permiso de residencia



Perciben prestación

“Cheguei a España hai 7 anos, fuxindo da pobreza e buscando novas oportunidades.

Cando cheguei, solicitei asilo político e denegáronmo, non tiña nin teño permiso de traballo. Tampouco tiña pasaporte.

Estiven na rúa, e estiven enfermo de artrite.

Un amigo faloulleme de Cáritas e vin aquí para ver se me podían axudar.

Cheguei en xaneiro de 2023 e atendéronme aquí. Desde o primeiro momento sentínme comprendido e acompañado, puíden entrar a vivir nunha habitación e iso axudoume a mellorar en saúde, tanto física como psicolóxicamente.

Tamén puíden facer formacións e visitas culturais, o que me axudou a aprender, a distraerme e a socializar.

Grazas a todo isto, a miña vida mellorou moito, aínda que sigo na loita, pero polo de agora síntome acompañado, axudado e comprendido polas persoas de Cáritas, polo que estou moi agradecido.

Cambiáronme a vida. Agora teño esperanza.”.



Maiores “Vivir na Casa”

Levamos máis de 40 anos ofrecendo apoio e recursos para que os maiores da nosa diócese poidan seguir vivindo nas súas casas, e poder manter así a súa calidade de vida e autonomía.

A realidade social dos maiores vese afectada por factores económicos, sociais, de saúde e moitas veces de illamento territorial e soidade. O feito de que unha porcentaxe elevada dependa de unha Pensión non Contributiva ou que non teña ingresos propios; asumindo custos de alugueiro; con problemas de saúde crónicos ou puntuais, vivindo en zonas rurais illadas con difícil acceso a os servizos como médico, tenda,... diminúen a súa capacidade de levar unha vida plena e satisfactoria.

PROMOVER A AUTONOMÍA PERSOAL

Realizamos obradoiros, excursións, actividades lúdicas, favorecendo a interacción e a comunicación e evitando os sentimentos de soidade e illamento.

FAVORECER A PERMANENCIA NO DOMICILIO

Facemos visitas a domicilio e acompañamentos nas tarefas cotiás: acudir a tenda, ó médico ou o banco, é unha maneira de proporcionar apoio emocional e evitar a soidade ademais de permitirlles unha independencia que reforza o sentimento de pertenza e conexión coa comunidade.

Estas accións, adaptadas ás necesidades individuais, recoñecen e potencian as súas capacidades de seguir sendo membros activos e valorados da sociedade.



ACTIVIDADES

- Acollida, escoita, orientación e atención.
- Acompañamentos á realización de xestións varias.
- Axudas económicas para cubrir necesidades básicas.
- Realización de actividades lúdicas.
- Traballo en rede con outros profesionais e organismos tanto públicos como privados.



Obradoiro de ximnasia.



Obradoiro de cociña.



3
Técnicas



4
Persoas
voluntarias



Excursión á praia.

“

Somos un matrimonio con 5 fillos e a Cáritas Parroquial de San Antonio prestounos apoio durante a súa crianza. Na actualidade estamos xubilados e vivimos sós en Lugo, co apoio familiar de fillos/as, xenros, noras e netos/as.

Temos a confianza de que cando as necesitamos: papeles, escoita, dúbidas están ahí. Grazas a Cáritas por estar ahí e por ir medrando con nós, adaptándonos ás nosas necesidades ao longo de todos estes anos.”.

A nosa situación cambiou, agora somos maiores e temos outras necesidades. Seguimos estando en Cáritas porque nos prestan a axuda que precisamos neste momento. Estamos no Programa de Maiores vivir na Casa e na actualidade apoiáanos con talleres: ximnasia, teatro, actividades grupais ... esto axudanos a saír da casa, a relacionarnos con outras persoas e a sentirte parte de un grupo, o grupo de Cáritas.

Ademáis chámanos por teléfono, preocúpanse por nós, polo que nos pasa, polo que sentimos, polas nosas preocupacións cotiás e veñen a casa acompañándonos e escoitándonos nesas preocupacións e medos que aparecen na vida e máis as nosas edades.




José Antonio e Irene,
participantes do
programa
Maiores “Vivir na Casa”




O perfil das persoas acompañadas




11
Persoas
acompañadas




Son mulleres




Entre 70 e 79
anos




Nacionanidade
española




Só con estudos
primarios




Viven sós



Viven en
alugamento



Perciben unha
pensión



Sen ingresos

Acollida a Mulleres Víctimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual

A violencia machista é a máxima expresión dun sistema estrutural de desigualdade e inxustiza social, e unha grave violación dos dereitos humanos das mulleres.

As súas formas de manifestación son múltiples, dende as máis cruéis como os feminicidios, a trata con fins de explotación sexual ou os matrimonios forzosos, ata cuestións que como sociedade temos normalizadas, como poden ser os «micromachismos» que forman parte da nosa «cultura social».

Todas estas situacións supoñen graves vulneracións dos dereitos das mulleres, como o dereito á vida, á integridade física e psíquica, á dignidade e á liberdade.

CENTRÁMONOS NA RECUPERACIÓN DAS MULLERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIAS MACHISTAS

A través dunha atención integral, baseada nas súas demandas e necesidades, respectando os seus ritmos e evitando a revitimización. Ao mesmo tempo, realizamos un achegamento aos lugares de prostitución para chegar ás mulleres que exercen a prostitución e/ou son vítimas de trata con fins de explotación sexual, ofrecendo unha atención integral e facéndoas protagonistas dos seus propios procesos.



3

Técnicas



41

Mulleres acompañadas



2

Persoas voluntarias



110

Mulleres contactadas en contextos de prostitución

Nicol, participante do programa Acolida a Mulleres Vítimas de Violencia, Trata o Explotación Sexual

“Cando cheguei a Cáritas, a miña situación era moi complicada. Non tiña apoios na cidade nin recursos económicos cos que manterme, o que me levou a caer nunha depresión.

A axuda brindada en Cáritas foi moi importante para min, xa que a psicóloga axudoume a mellorar o meu estado de ánimo e a traballadora social brindoume moito apoio en todos os aspectos. Ambas fixéronme sentir cómoda. Actualmente, atópome mellor, aínda que a depresión segue aí, estou máis animada e tranquila, síntome escoitada e valorada.

Agradezo moito a axuda.”.



Obradoiro “Medrando Xuntas”.



Obradoiro “Medrando Xuntas”.




Obradoiro “Medrando Xuntas”.

ACTIVIDADES


- Achegamento aos lugares de exercicio da prostitución.
- Acolida e entrevistas individualizadas.
- Acompañamento social, psicolóxico e xurídico.
- Obradoiros e actividades grupais.
- Apoio económico para cubrir necesidades básicas.
- Coordinación e planificación interna.
- Coordinación con entidades públicas e privadas.
- Accións de sensibilización sobre violencia, trata e explotación sexual.




O perfil das mulleres acompañadas




Entre 36 e 50
anos



Extracomunitaria




Familia
monoparental



Non ten estudos



Vive en
alugamento



Sen ingresos

Promoción da Saúde Integral das Mulleres

Permanecemos nun sistema social e político que se apoia na familia para o coidado de fillos, familiares, persoas dependentes, etc. Este rol recae maioritariamente nas mulleres, que ademais de asumir este papel, teñen un emprego.

Isto provoca unha desigualdade de xénero nas responsabilidades familiares e do fogar, xerando un obstáculo no recoñecemento e na participación das mulleres en todos os ámbitos: laboral, familiar e social, afectando á súa saúde física e psicolóxica.

As participantes deste proxecto contan con pouca rede social e de apoio. Sobre todo, acoden a nós para unha intervención psicolóxica e social, realizando un acompañamento de maneira integral.

O NOSO PROXECTO CÉNTRASE EN APOIAR DE MANEIRA INTEGRAL A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE.

Para iso, ao longo de todo o ano desenvólvense diferentes actuacións co obxectivo de reverter esta situación de maneira gradual.

Isto lévase a cabo mediante un acompañamento individual e especializado, atendendo a cada unha das súas necesidades, en función dos tempos e da situación de cada participante.

Intervese deste xeito porque é notable a confianza e tranquilidade que se lle transmite á participante, xerando así compromiso e continuidade por parte dela, e mellorando pouco a pouco a súa situación.



Obradoiro de ximnasia do Ciclo de Saúde Integral da Muller en Lugo.

As actividades individualizadas centrárons e en intervencións sociais, psicolóxicas e económicas, adaptadas ás necesidades de cada participante, cun seguimento e avaliación dos avances. Isto permitiu xerar un compromiso e continuidade entre as profesionais e as participantes.

Ademais, realizáronse actividades colectivas para fomentar novos vínculos sociais e a confianza. Organizáronse actividades de lecer co obxectivo de que as mulleres romperan coa monotonía e coñeceran novos espazos culturais.

Tamén se implementaron os **Ciclos de Saúde Integral da Muller**, promovendo hábitos saudables mediante o deporte, a boa alimentación e o autocuidado, mellorando así a súa saúde física e mental.



Obradoiro de ximnasia do Ciclo de Saúde Integral da Muller en Lalín.

“Cando cheguei a España, atopeime soa. Cheguei a Cáritas cun estado de ánimo moi baixo e triste, tiña depresión. Non tiña ganas de saír da casa, e iso consumíame cada vez máis.

En Cáritas atopei agarimo, apoio e axuda. Todas as profesionais que estiveron comigo axudáronme a saír da depresión, a quererme a min mesma e a confiar en min. Nas actividades e obradoiros aprendín a diferenciar moitas situacións, a analízalas e saber como xestionalas. Unha das miñas grandes dificultades era relacionarme, socializar e saír á rúa. Con estas actividades creei grandes amizades, que hoxe son o meu gran apoio aquí. Xa non me sinto soa e aprendín a gozar da vida en Lugo, ir ao ximnasio e pensar no meu benestar.

Sabendo que teño o voso apoio, síntome tranquila e forte. Podo dicir con tranquilidade que a entidade que máis apoio me brindou e coa que máis arroupada me sentín foi Cáritas.

Todo isto fai que me sinta na casa, que este sexa o meu lugar, onde quero vivir. Sinto que todo ao meu arredor está ben, síntome arroupada e protexida..”.

Fátima Gomes,
participante do
programa Promoción da
Saúde Integral das
Mulleres



2

Técnicas



1


Persoa
voluntaria




53

Persoas
acompañadas


O perfil das mulleres acompañadas




Nacionalidade
española




Sen estudos



Con menores a
cargos



Viven en
alugamento



Sen ingresos

Acollida a Persoas Sen Fogar

Ao longo do ano 2024, a maioría das persoas que acudiron ao programa son aquelas que se atopan en risco de perder a súa vivenda ou en situación de vulnerabilidade habitacional, máis que aquelas que xa están sen fogar. Moitas delas viven en condicións de inestabilidade, como en aloxamentos temporais, pensións, hostais ou mesmo na rúa.

En xeral, trátase de persoas en situación irregular, algunhas sen documentación, que non contan con seguimento de saúde nin acceso á atención primaria ou a recursos especializados, quedando fóra do sistema.

A maioría atópanse soas, sen apoio familiar nin social, e en ocasións presentan problemas de saúde mental e/ou adicción.

Este programa baséase no enfoque das “housing led policies”, que considera que o primeiro paso fundamental para acompañar ás persoas é proporcionarlles un fogar o máis seguro posible.

AO LONGO DESTE PROCESO, O
OBJECTIVO FOI OFRECERLLES APOIO
PARA QUE POIDAN ACCEDER A UNHA
VIVENDA ESTABLE E, UNHA VEZ
ACADADO ESTE PUNTO, TRABALLAR DE
MANEIRA INTEGRAL NOS DIFERENTES
ASPECTOS DA SÚA VIDA QUE SEXAN
NECESARIOS.

Este traballo realízase de acordo coas necesidades e demandas identificadas durante as sesións de seguimento e valoración persoal.

“ Antes de chegar a Cáritas, estaba nunha situación moi difícil. Enfrontaba grandes desafíos, tanto económicos como sociais, e sentía moita ansiedade e incerteza sobre o futuro. Non tiña apoio suficiente e buscaba calquera oportunidade para mellorar a miña situación e empezar de novo. Ás veces, víame obrigado a durmir en lugares perigosos para a miña vida e estaba exposto constantemente a problemas e riscos.

Cando cheguei a Cáritas, sentín que non estaba só. Atopei persoas dispostas a escoitarme e axudarme de diferentes maneiras. Brindáronme o apoio necesario, xa fose a través de axuda básica como comida e aloxamento, ou mediante orientación e asesoramento para atopar solucións duradeiras á miña situación.

Desde entón, a miña situación cambiou significativamente. Síntome máis estable e recibín a axuda que necesitaba para reconstruír a miña vida. O apoio que recibín de Cáritas non foi só material, senón tamén emocional, o que me axudou a recuperar a confianza en min mesmo e a esperanza no futuro.

No futuro, se a miña situación mellora, serei parte de Cáritas e axudarei a outras persoas, tal e como fixeron comigo. Quero poder devolver o que recibín e apoiar a quen atravesamos momentos difíciles, porque sei o importante que é ter a alguén ao teu lado en tempos de necesidade.”.

Ahmed, participante
do programa
Acolida a Persoas
Sen Fogar



ACTIVIDADES

- Acolida e asesoramento.
- Axudas económicas (vivenda, alimentación, documentación, farmacia) e ropero.
- Atención psicolóxica.
- Coordinación coas traballadoras sociais de atención primaria/SERGAS, así como cos técnicos de Cruz Vermella.
- Obradoiros grupais.
- Obradoiro sobre xestión emocional, Exprime o teu móbil e un cinefórum coa película Techo y Comida.
- Actividades de sensibilización.



2

Técnicas



1


Persoa voluntaria




33

Persoas acompañadas


O perfil das persoas acompañadas




Son homes




Menos de 35 anos




Nacionanilde española



Estudos medios ou superiores (sen homologar)



Persoa sóa



Sen ingresos

Formación e Sensibilización do Voluntariado

LA formación e o seguimento do voluntariado son un elemento esencial para o seu desenvolvemento.

A formación está relacionada co servizo que se quere prestar e coa capacidade de traballar en equipo, de medrar persoalmente en contacto coas realidades de exclusión. A formación do voluntariado é un reto que garante a calidade da tarefa voluntaria, é como o voluntario ou voluntaria vai adquirindo cada vez máis forza social.

UN VOLUNTARIO OU VOLUNTARIA FORMADO/A ABRE CAMIÑOS PARA NOVAS PARTICIPACIÓNS E PARA O PLANTEXAMENTO DE NOVOS E INELUDIBLES OBXECTIVOS DA ORGANIZACIÓN; É UN FACTOR DE CAMBIO E EVOLUCIÓN DENTRO DA PROPIA ORGANIZACIÓN.

O voluntariado en Cáritas é moi importante para acadar os obxectivos propostos pola entidade.

As persoas voluntarias experimentaron unha mellora na súa formación, á marxe da dimensión vivencial ou experiencial que lles aporta a colaboración, ademais de adquirir unha sensibilidade social que antes non tiñan, ou de reforzar aquela que xa posuían.

A presenza do voluntariado permitiu estar en contacto coas realidades sociais. Grazas ao voluntariado puidéronse levar a cabo multitude de accións en moitos puntos da nosa xeografía autonómica que, doutro xeito, non serían posibles. Garantiron a conexión co tecido social de cada unha das localidades nas que estivemos presentes.



Vídeo da X Xornada
de Formación do Voluntariado



Lucía Pena, voluntaria
de Cáritas Diocesana de
Lugo

“

Hai 5 anos que son voluntaria en Cáritas Diocesana de Lugo.

Na casa, desde pequena, coñecín a realidade do traballo desenvolvido por Cáritas, xa que a miña familia colabora desde hai anos. Ao cumprir os 18 anos e estando a estudar Integración Social, amosei interese por ser voluntaria nas actividades de Infancia, e o meu tío falounme da responsabilidade da tarefa que quería desempeñar. Dixo que tiña que pensalo ben, porque a miña decisión afectaba a outras persoas que necesitaban o meu compromiso social. Esa charla levóume a adquirir un compromiso máis responsable con Cáritas e cos nenos, e a esforzarme por aumentar a miña formación para poder dar máis servizo á miña comunidade.

Ao longo destes anos, coñecín moitas institucións que traballan no eido do tempo libre para a infancia e a mocidade, pero a forma de colaborar, de traballar en rede con outras entidades fixo que vise claramente que elixín a Entidade adecuada.

Cáritas axudoume no meu crecemento persoal e amosoume realidades sociais diferentes tanto á miña como entre elas.

Esta Entidade promove a formación das persoas voluntarias; de feito, o curso de monitor/a de tempo libre, primeiros auxilios, RCP...moitas das persoas voluntarias deste proxecto realizámolo a través de Cáritas. Síntome apoiada, fortalecida e motivada para continuar coas miñas tarefas como voluntaria e mellorar día a día a miña capacitación profesional para poñela ao servizo dos demais.

Na actualidade, continuo estudando o Grao de Educación Social.”.

O VOLUNTARIADO XOGA UN PAPEL CRUCIAL NA SENSIBILIZACIÓN DA SOCIEDADE, ACTUANDO COMO UN MOTOR DE CAMBIO E UNHA PONTE ENTRE AS DIVERSAS REALIDADES SOCIAIS.

A participación activa do voluntariado na actividade diaria da entidade, nas formacións específicas e nas campañas que se realizarán, permite que o voluntariado de Cáritas vexa reforzada a súa sensibilidade social e convértanse en defensores da solidariedade e a xustiza social, inspirando a outros a tomar acción e contribuír a un mundo máis xusto e fraterno.

Un dos eixes de Cáritas Diocesana de Lugo é mellorar a eficacia da comunicación, sensibilización e incidencia para transformar a sociedade. Somos conscientes dos grandes cambios que se están producindo no ámbito da comunicación, novas canles, etc. e debemos esforzarnos en facer unha comunicación máis eficaz, acorde coa nosa identidade e a nosa acción, para sensibilizar, concienciar e mobilizar a sociedade xerando un compromiso activo.

A sensibilización da sociedade compétenos a todos, axentes, voluntariado, directivos etc. Entre todos podemos facer unha rede que poida chegar a calquera persoa en situación de risco ou vulnerabilidade social. Desta maneira, faise unha fronte común con campañas de sensibilización realizadas a través das entidades de acción voluntaria conseguindo un voluntariado forte e comprometido cos problemas da sociedade.

ACTIVIDADES

- Entrevistas informativas ao posible novo voluntariado.
- Atención permanente ás persoas voluntarias.
- Reunións cos diferentes equipos de traballo voluntario.
- Comunicación da actividade da entidade e campañas de sensibilización.
- Reunións da Rede Lucense de Voluntariado.
- Elaboración da memoria institucional.
- Xornada de Formación do voluntariado.
- Elaboración e distribución dos materiais de sensibilización.





Carmen Orero,
voluntaria de Cáritas
Diocesana de Lugo

“

Chámome Carmen, a miña historia con Cáritas comezou hai doce anos en San Froilán, debido a que o párroco daquel momento necesitaba persoas voluntarias para facerse cargo deste servizo da Igrexa católica na parroquia.

Durante todos estes anos, atendemos a moitas persoas e familias, tanto a nivel económico como persoal. Porén, para min o máis importante foi poder transmitir o amor de Deus, non só cos nosos actos, senón tamén coas nosas palabras.

Todo este tempo adicado ao próximo tamén foi unha forma de poñerme ao servizo e, polo tanto, de achegarme eu mesma máis a Deus. Vin como Xesucristo está vivo nas persoas que atendemos, e isto é, sen ningunha dúbida, unha grande bendición.”.





PREMIOS CARIDADE 2024



FONDO “SEMPRE XUNTOS”

O Fondo “Sempre Xuntos” ten como obxectivo apoiar ás familias das parroquias que debido á situación do COVID 19 viron agravada a súa situación. A crise sanitaria provocada polo virus Covid 19 e o noso compromiso cristián coas persoas máis fráxiles e vulnerables deu como resultado na nosa Diocese a iniciativa Sempre Xuntos, cuxo obxectivo era axudar ás persoas enfermas que estivesen máis soas e necesitadas nas nosas parroquias.

ACTIVIDADES

- Acolida e acompañamento.
- Análise de cada situación.
- Axudas destinadas a:
 - Servizo de Axuda a Domicilio.
 - Vivenda.
 - Débedas Adquiridas.
- Reunións da comisión.

“Sabemos que, na nova situación en que nos atopamos, as necesidades están a crecer, debido á crise económica e social na que estamos inmersos, afectando á vida cotiá de persoas e familias. Por iso, pareceunos corresponder á vontade inicial dos doantes ampliar agora os obxectivos aos que está destinado o Fondo “Sempre Xuntos”, converténdoo nun “fondo diocesano” máis permanente, vinculado ás necesidades caritativas máis urxentes das nosas parroquias.”.



Mons. Alfonso Carrasco
Rouco, Bispo de Lugo

DÁMOSLLE UNHA SEGUNDA VIDA Á TÚA ROUPA

En Cáritas Diocesana de Lugo, levamos máis de 50 anos traballando no ámbito da reutilización e reciclaxe de roupa usada a través dos servizos de roperos, dándolle unha segunda vida, contribuíndo co medio ambiente e, sobre todo, en beneficio das persoas en situación de maior vulnerabilidade, que recorren á nosa entidade como única forma de acceder a un vestiario en boas condicións.

Agora, ademais de continuar prestando servizo nos Roperos Diocesanos de Lugo, Monforte e Sarria, mediante a colaboración con Insertega, damos un paso máis para chegar a todos os puntos da nosa Diocese.

Nas localidades onde Cáritas Diocesana de Lugo non dispoña de servizo de ropero, Insertega instala colectores onde se poderá depositar a roupa usada para a súa posterior clasificación, reciclaxe e reutilización.

Trátase dun modelo de economía circular, que busca sacar o máximo aproveitamento dos recursos materiais mediante a súa reutilización e adaptación para outros usos, chegando a unha taxa de recuperación do 90 % da roupa doada.





Doazón de Insertega.



40

Concellos da
Diocese de Lugo



88

Contenedores na
Diocese de Lugo



128.512,5

Kilos de roupa
recollida



Fotografía de Bernabe, Javier. Faro de Vigo.

COMUNICACIÓN

Nun mundo cada vez máis saturado de información, visibilizar a acción solidaria vólvese fundamental. Para Cáritas Diocesana de Lugo, comunicar o seu labor non é só unha cuestión de dar a coñecer o que fai, senón de xerar conciencia, sensibilizar á sociedade e mobilizar vontades.

Cada día, Cáritas acompaña a persoas que viven en situación de vulnerabilidade, ofrecendo non só axuda material, senón tamén escoita, dignidade e esperanza. Comunicar estas historias —con respecto e humanidade— permite romper estigmas, amosar realidades moitas veces invisibilizadas e evidenciar que detrás de cada número hai un rostro, unha vida e unha historia, co obxectivo de sensibilizar e transformar realidades inxustas.

En Cáritas Diocesana de Lugo, ao longo do ano 2024 participamos en diversas campañas sociais. Entre elas destacan a campaña do 25N Contra a Violencia de Xénero, a Xornada Mundial polo Traballo Decente, a campaña a favor das Persoas sen Fogar, visibilizando a súa situación, a celebración do Día Internacional do Voluntariado ou a campaña da Caridade, que reforza a nosa misión de construír unha comunidade máis xusta e fraterna.

Elaboramos os nosos propios materiais de difusión para apoiar as nosas campañas. Ademais, mantemos unha presenza activa nas redes sociais para informar e sensibilizar á sociedade.



23.478

Visitas á nosa páxina web
www.caritaslugo.es



14.500

Alcance en Facebook



3.766

Alcance en Instagram

FINANCIACIÓN E TRANSPARENCIA

Cáritas Diocesana de Lugo ten como guía os valores de austeridade e transparencia na súa xestión, fortalecendo así a relación de confianza de tantas persoas e entidades no noso traballo.


Grazas ao financiamento público e privado, investimos 2.101.229,80 € nos diferentes programas que funcionan ao longo da diocese. Estas cifras amosan o compromiso da comunidade cristiá e da sociedade coas persoas en situación de exclusión.

FONDOS PÚBLICOS		
Administracións Locais	29.576,98 €	1%
Administración Autonómica	1.091.909,81 €	52%
Administración Estatal	53.740 €	3%
Unión Europea	44.187,83 €	2%
TOTAL	1.219.414,62 €	58%

FONDOS PRIVADOS		
Socios	59.715,50 €	3%
Doantes	301.587,58 €	14%
Institucións	172.235,62 €	8%
Donazóns en Especie	10.377,30 €	0,5%
Legados	90.260,86 €	4%
Ingresos por Dividendos	1.217,15 €	0,1%
Fondos Propios da Entidade	249.421,17 €	12%
TOTAL	884.815,18 €	42%

RECURSOS INVERTIDOS NOS PROGRAMAS

Total de recursos invertidos nos programas: 2.101.229,80 €



RECURSOS INVERTIDOS NAS PERSOAS

PERSOAL	1.036.343,96 €
---------	----------------

AXUDAS ENTREGADAS	591.551,14 €	
Vivenda	247.044,83 €	41,8 %
Alimentos	154.618,76 €	25,6 %
Subministracións	27.909,48 €	4,7 %
Axuda Atención no Domicilio	73.079,50 €	12,4 %
Axudas de Formación	48.122,71 €	8,1 %
Atención Sanitaria	13.602,94 €	2,3 %
Material Escolar	5.565,32 €	0,9 %
Axuda Transporte	3.842,27 €	0,6%
Axudas Varias	16.389,23 €	2,8 %
Axudas Débedas	1.549,51 €	0,3 %
Documentación	2.812,20 €	0,5 %

ACTIVIDADES COAS PERSOAS

Cursos, obradoiros e actividades nas que participaron persoas acompañadas polos programas diocesanos.

ACTIVIDADES DE LECER E TEMPO LIBRE	29.960,58 €
ACTIVIDADES FORMATIVAS	69.192,30 €

GASTOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN

Alugueiros			98.334,82 €
Subministracións			13.250,98 €
Material de Oficina			12.279,79 €
Subcontratacións			112.241,88 €
Asesoría Contable	10.381,80 €	TOTAL	236.107,47 €
Asesoría Laboral	2.615,67 €		
Asesoría Informática	26.634,85 €		
Mecanización de Datos (SICCE)	29.248,20 €		
Limpeza	43.361,36 €		



90.237,20€
DANA VALENCIA

Cómpre destacar que a Diocese de Lugo recadou 90.237,20 € para axudar a Cáritas Diocesana de Valencia pola traxedia que supuxo a DANA, e que dita cantidade non figura nas contas da nosa Entidade, xa que se trata dun diñeiro recadado para axudas externas.

INSTITUCIONES COLABORADORAS





Cáritas Diocesana de Lugo dispón dun sistema de xestión de calidade certificado de acordo á norma ISO 9001 de Applus+.



Cáritas Diocesana de Lugo dispón dun Plan de Igualdade de Oportunidades a través do cal se rexe no seu obxectivo de reducir as brechas de xénero e avanzar na consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres.



En Cáritas Diocesana de Lugo confiamos na tecnoloxía de encuesta facil.com para recompilar e procesar os datos dos nosos estudos de maneira eficiente e precisa.



 facebook.com/caritas.lugo

 caritas_lugo

 @CaritasLugo

 Cáritas Diocesana de Lugo

 youtube.com/@caritas_lugo

www.caritaslugo.es

Bizum: 38079

Servizos Xerais
Cáritas Diocesana de Lugo

Rúa Luis Peña Novo, 6, 27001, Lugo

982 24 20 09